

SOLUCIÓNS

NATURAIS

OS ANIMAIIS

1.-Son pluricelulares, forman tecidos e case sempre órganos e aparatos, teñen órganos dos sentidos e son capaces de moverse ou desprazarse nalgún momento das súas vidas grazas a que teñen músculos máis ou menos desenvolvidos.

2.-En que os vertebrados teñen un esqueleto interno cun eixe lonxitudinal chamado columna vertebral e os invertebrados carecen del.

3.- a) É un invertebrado. b) É un artrópodo (un insecto). c) Os artrópodos respiran por un sistema de tubos moi finos, chamados traqueas, que comunican o exterior coas células do seu corpo.

4.-Coas branquias.

5.-Peixes (sardiña, quenlla, pescada...). Anfibios (ra, sapo, tritón, píntega...). Réptiles (lagarto, serpe, tartaruga, crocodilo...). Aves (avestruz, parrulo, andoriña, pingüín...). Mamíferos (ornitorrinco, canguro, gato, can, balea, ser humano...).

6.-Significa que nacen do ovo cun aspecto moi diferente do dos adultos e que experimentan uns cambios profundos a medida que crecen, que os van transformando ata adquirir a forma adulta definitiva.

REPRODUCCIÓN 1

1.-Imaxe A: 1. Próstata, 2. Uretra, 3. Escroto, 4. Conduitos deferentes, 5. Vexiga, 6. Pene, 7. Testículos. Imaxe B: A. Útero, B. Ovarios, C. Vaxina, D. Vulva, E. Vexiga.

2.-A puberdade é a primeira fase da adolescencia na que experimentamos certos cambios no corpo e no aparato reprodutor.

3.- Os cambios principais na puberdade son: a activación do aparato reprodutor, aparición de caracteres sexuais secundarios e o comezo da madurez sexual.

4.- Os testículos son dous órganos ovalados que están dentro dunha bolsa de pel chamada escroto. Producen os espermatozoides. Os conduitos deferentes son dous tubos que conectan os testículos coas glándulas anexas. Por eles viaxan ata as glándulas os espermatozoides.

5.-As trompas de Falopio son dous conduitos que conectan os ovarios co útero. Por eles desprázanse os óvulos cando son liberados polos ovarios. O útero alberga e protexe o feto en desenvolvemento durante o embarazo.

REPRODUCCIÓN 2

6.-Os caracteres sexuais secundarios son características que diferencian as mulleres dos homes, pero que non forman parte do aparato reprodutor. A ovulación é a liberación do óvulo por un dos ovarios cara ás trompas de Falopio.

7.-A fecundación é a unión dun espermatozoide e dun óvulo maduro, para formar un cigoto. O embarazo é o período durante o que o cigoto e o feto se desenvolven no interior do útero da nai. O parto é a saída do bebé do corpo da nai.

8.-O alumnado deberá unir: a-3, b-1, c-2

9.-A placenta e o cordón umbilical subministranlle nutrientes e osíxeno ao feto.

10.-A orde dos sucesos é: b - c - a.

CORPO HUMANO 1-2

1.-Glándulas salivares (saliva); Estómago (zumes gástricos); Fígado (bile); Páncreas (zume pancreático).

2.- A) Fosas nasais. B) Larinxe. C) Traquea. D) Pulmóns. E) Diafragma. F) Bronquios.

3- a) Inspiración e expiración. b) A contracción e relaxación do diafragma. c) Incorporar osíxeno ao corpo e expulsar dióxido de carbono.

4.- O osíxeno pasa do alvéolo ao sangue, e o dióxido de carbono, do sangue ao alvéolo.

5.-a) Vaso sanguíneo que leva o sangue desde os órganos ao corazón. Vena cava. b) Vaso sanguíneo que leva sangue desde o corazón aos órganos. Arteria aorta.

6.- O sangue que chega ao ril ten refugallo e o que sae del está limpo.

7.-Ambos os dous órganos filtran o sangue, extraen del auga e impurezas e forman produtos e refugallo.